

MEMORIA ACTIVIDADES 2023

CAMIÑA, ASOCIACIÓN COMARCAL DA MARIÑA LUCENSE



ÍNDICE:

1. A entidade
2. Misión, visión e valores
3. Estrutura/recursos humans
4. Programas e servizos



1. A ENTIDADE

Camiña, é unha asociación sen ánimo de lucro constituída en 1990 pensando nun grupo de persoas con discapacidade intelectual de toda as idades de A Mariña Lucense.

Camiña, ten como obxectivo principal mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual, así como a das súas familias. Por ende, esta asociación centrase na atención a diversidade, fomentando así actividades de ocio e tempo libre onde se desenvolven tarefas da vida diaria, autonomía, mellora de habilidades sociais, etc.

2. MISIÓN, VISIÓN Y VALORES

Camiña, ten como **Misión** mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual, a das súas familias e a do seu entorno, proporcionando recursos de ocio que favorezan o seu desenvolvemento persoal e a súa inclusión social.

A nosa **Visión**: Seguir sendo unha asociación de referencia nas que todas as actividades e servizos que se levan a cabo estean centrados no ocio das persoas con discapacidade intelectual.


- Promovendo coa implicación de todos os seus membros e colaboradores, a mellora continua da asociación, contribuíndo ao crecemento das persoas e da propia organización.
- Favorecendo o acceso do colectivo ao ocio normalizado e proporcionando un ocio adaptado ás diversas capacidades no propio centro.
- Fomentando a inclusión e a participación na comunidade. Atendendo na medida do posible ás necesidades sentidas e intereses individuais.

Os nosos principais Valores que promove a Asociación Camiña, son:

- **ORIENTACIÓN** á persoa: a persoa como eixe da planificación e suxeito dun desenvolvemento.
- **COHERENCIA**: alineación de fins (obxectivos) e medios (recursos) para a consecución da misión.
- **TRABALLO** en equipo e competencia profesional.
- **TRANSPARENCIA E HONRADEZ** tanto na actuación coma na xestión.
- **SOLIDARIEDADE**: actuar en común para aportar solucións e responder ás necesidades da globalidade do colectivo.

3. ESTRUCTURA /RECURSOS HUMANOS

O órgano principal da asociación esta composto principalmente por unha xunta directiva, que está formada por un Presidente, un Vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e os vogais.



4.PROGRAMAS E SERVIZOS

O noso traballo en **Camíña** vai dirixido principalmente a prestar os apoios necesarios cara as persoas con discapacidade intelectual, basándonos en principios fundamentais que guían a nosa labor como profesionais.

Mediante o lecer impartimos diferentes talleres coa finalidade de ensinar e mellorar as aptitudes e as habilidades instrumentais do colectivo para poder favorecer a súa autonomía persoal da súa vida diaria.

A intervención a través do ocio ten como razón principal velar pola inclusión social das persoas con diversidade funcional, favorecendo así, a utilización do tempo libre como medio para conseguilo.

- **MEDRAR DENDE O LECER**

ACTIVIDADES ESTIMULACIÓN COGNITIVA:


Implementación de actividades para a mellora de actividades cognitivas para o desenvolvemento da vida diaria. A través de dinámicas e xogos tentase potenciar habilidades esenciais na vida dunha persoa adulta, como por exemplo, a orientación espazo-temporal, linguaxe, memoria, atención, cálculo,..



ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO DA VIDA DIARIA: actividades elementais que permiten as persoas desenvolverse de forma autónoma. Con este programa buscouse promover nas persoas usuarias un estilo de vida o mais san posible, dotándoas de ferramentas e habilidades coas que adquirisen e/ou reforzar sen pautas e rutinas saudables, a través de actividades físicas ou talleres de cociña.



ACTIVIDADES DE INCLUSIÓN NO OCIO COMUNITARIO: participación nas actividades socioculturais da comunidade coma pasear pola vila, disfrutar dalgunha terraza favorecendo a socialización das persoas usuarias. Ademais, contamos coa colaboración do Museo do Mar de San Cibrao, xa que polo menos unha vez ao mes as traballadoras preparan actividades de ocio para realizar cos usuarios/as.



ACTIVIDADES MANIPULATIVAS: potenciar o desenvolvemento de habilidades e destrezas.

- **DIVÍRTETE EN CAMIÑA**

As actividades levaranse a cabo durante os meses de Xullo, Agosto e durante as vacacións de nadal.. Están divididas por semanas temáticas. En cada semana, desenvolveranse actividades relacionadas coa temática seleccionada. Entre elas, destacarán: ximkanas, manualidades, xogos cooperativos, receitas de cociña, deporte adaptado, actividades creativas... Ademais de todo isto, adquiriranse coñecementos sobre a temática semanal.





- **OCIO CONCILIA**

Programa dirixido a infancia (3-12 anos) con discapacidade no que se traballan diferentes áreas: apoio educativo, estimulación cognitiva e sensorial, promoción dos hábitos saudables, expresión artística e xestión emocional.

